



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Bases que rexerán a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación, con carácter temporal, de monitores/as deportivos/as

ANUNCIO

Pola resolución de Alcaldía núm. 52/2025, de data 5 de febreiro de 2025, resolveuse convocar o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación, con carácter temporal, de monitores/as deportivos/as, e aprobar as seguintes bases:

“BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACION, CON CARÁCTER TEMPORAL, DE MONITORES/AS DEPORTIVOS/AS.

1ª Obxecto da convocatoria:

As presentes bases teñen por obxecto a creación polo Concello de Ponteceso dunha bolsa de emprego na categoría profesional de monitor/a Deportivo/a, coa finalidade de proceder, no seu caso, á contratación, con carácter temporal, de persoal laboral no suposto de que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores: acumulación de tarefas por circunstancias da produción, cobertura de vacantes ata a súa provisión definitiva, substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, baixas, vacacións e permisos regulamentarios.

Os postos a cubrir correspóndense co grupo de clasificación IV, asimilado a Subgrupo C2.

O recurso á dita bolsa de emprego, para a incorporación do persoal laboral temporal pretendido, adecuarase e aterase aos criterios, requisitos, supostos e modalidades contractuais previstos pola normativa aplicable, ao efecto, en cada momento, e, concretamente, e segundo o marco normativo actualmente vixente, ao disposto nos artigos 11 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e 27 da Lei de Emprego Público de Galicia e o artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Deberá figurar no expediente a descrición e xustificación da necesidade laboral cuxa cobertura se pretenda, acreditando a efectiva concorrencia dos supostos e circunstancias excepcionais que permitirían a incorporación de persoal laboral temporal, nos supostos legalmente establecidos. Con acreditación, así mesmo, por parte da Intervención Municipal, da existencia de crédito adecuado e suficiente.

2ª Funcións e retribucións:

2.1 Funcións:

- Impartir e dinamizar as actividades deportivas (clases de acompañamento musical, actividades de acondicionamento físico, patinaxe, ximnasia de mantemento...) organizadas polo concello.
- Acompañar aos participantes en competicións e eventos deportivos.
- Colaborar na organización de competicións, actividades deportivas e eventos.
- Participar en actividades e viaxes deportivas organizadas polo concello.
- Avaliar a capacidade física dos usuarios participantes nas actividades.
- Calquera outra función relacionada co posto, encomendada pola Alcaldía ou concellería delegada.

2.2 Retribucións:

A relación laboral será de carácter laboral temporal, en réxime de dedicación a tempo completo, a prestar de luns a venres, conforme ás necesidades do servizo e cos descansos legais establecidos.

As retribucións brutas mensuais serán as que correspondan en cada momento ás do traballador/a substituído/a.

3ª Publicidade:

O texto íntegro das bases reguladoras deste proceso selectivo e a súa convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal.

A publicidade das demais resolucións, actos e/ou comunicacións que se deriven do presente proceso selectivo e da constitución da bolsa de emprego resultante deste, e que se diten dentro do seu desenvolvemento, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que, con carácter complementario, se considere oportuno.

Así mesmo, garantirase ás persoas interesadas a posibilidade de acceso respecto da bolsa de emprego conformada tras a presente convocatoria e vixente en cada momento, mediante os medios que o fagan posible e con adecuación, en todo caso, ás previsións normativas aplicables ao respecto do dereito de acceso á información pública e da protección de datos de carácter persoal.

4ª Procedemento de selección:

A selección efectuarase mediante o procedemento de concurso-oposición.

5ª Requisitos das persoas aspirantes:

Poderán tomar parte no presente proceso selectivo as persoas aspirantes que reúnan os requisitos que se indican a continuación:

a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) Idade: Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa

c) Titulación: Estar en posesión (ou en condicións de obter na data en que remate o prazo de presentación de instancias) da seguinte titulación: Título de Graduado en ESO ou equivalente, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente, ou xustificante de aboar a taxa polos dereitos para a súa expedición xunto co certificado acreditativo de finalizar os estudos correspondentes,

No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.

d) Estar en posesión do Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007..

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base 9.2, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

e) Estar en posesión do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

f) Carecer de antecedentes penais por delitos sexuais, acreditado mediante o Certificado de Delitos de Natureza Sexual, actualizado ao ano 2025.

g) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.

i) *Compatibilidade*: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

j) *Habilitación*: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos os requisitos esixidos deberán posuírse polas persoas aspirantes o día que finalice o prazo de presentación de instancias para o correspondente proceso selectivo.

6ª Presentación de instancias:

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo presentaranse, empregando o Anexo I destas bases, no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público, de 9:00 a 14:00 horas, e no prazo de **cinco (5) días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña.

Igualmente, as ditas instancias poderanse presentar por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (ou naquelas outras previsións normativas concordantes e/ou substitutivas deste artigo). Neste caso comunicárase ao Concello a remisión da instancia dentro do prazo de presentación de instancias por correo electrónico ao enderezo concello@ponteceso.gal.

De non cumprirse co requisito da devandita comunicación, a instancia para tomar parte no proceso selectivo non será admitida, no caso de que se recibira con posterioridade á data de remate do prazo sinalado nestas bases. Porén, transcorridos 5 días naturais seguintes ao da terminación do prazo de presentación, sen terse recibida a devandita instancia, esta non será admitida en ningún caso.

Xunto coa dita instancia, que segundo o devandito anexo I incorpora unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación, as persoas aspirantes deberán achegar copia da seguinte documentación:

a. DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade da persoa aspirante. O documento que se presente deberá de atoparse en vigor.

b. Titulación esixida para a praza convocada ou xustificante de aboar a taxa polos dereitos para a súa expedición xunto co certificado acreditativo de finalizar os estudos correspondentes, de conformidade co previsto na base 5ª, apartado c.

c. Permiso de conducir da clase B

d. Certificado de Delitos de Natureza Sexual, actualizado ao ano 2025

e. Acreditación documental de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega requirido na base 5ª, apartado d.

f. Documentación acreditativa dos méritos alegados para valorar a fase de concurso, de conformidade co previsto na base 9.1.

g. As persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán facelo constar na súa instancia e acreditalo cunha certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, de ser o caso, da Administración correspondente, na que se acredite o seu grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

No momento da presentación da instancia deberán advertir, de ser o caso, se precisaran algún tipo de adaptación nas probas que se desenvolverán de conformidade co previsto na Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

A adaptación de tempos levarase a cabo de conformidade co disposto na Orden PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar na súa instancia, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Os requisitos esixidos neste apartado deberán reunirse na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberán manter ata o momento da súa contratación.

A non presentación da instancia en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

7ª Admisión das persoas aspirantes e inicio do proceso selectivo

Rematado o prazo de presentación de instancias, e no prazo máximo de quince (15) días, a Alcaldía aprobará a lista provisional das persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como as persoas exentas e non exentas da realización do exercicio acreditativo do coñecemento da lingua galega, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal.

As persoas excluídas, así como as omitidas na relación de admitidas ou excluídas, disporán dun prazo de **dous (2) días hábiles**, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro electrónico da sede e na páxina web municipal, para corrixir os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidas. A emenda presentase por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

As persoas que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase a definitiva.

A estimación ou desestimación das peticións de corrección entenderanse implícitas nunha nova resolución da Alcaldía que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal, pola que se aprobará a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Nesta mesma publicación indícase a data, lugar e hora da constitución do Tribunal cualificador. A publicación dos sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento do proceso selectivo efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar aquel se desprenda que non posúen algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

8ª Tribunal cualificador

A composición do Tribunal adecuarase aos criterios de imparcialidade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos ao efecto pola normativa de aplicación (artigos 60 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), e tenderá á paridade entre mulleres e homes. Estará conformado por: Presidencia, tres vogais e un secretario, titulares e os seus suplentes, nomeados pola Alcaldía.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto, agás o secretario que terá voz. De todas as reunións que celebre o Tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas ao efecto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As persoas aspirantes poderán recusalos cando concorra algunha das ditas circunstancias, consonte o establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e ao resto do ordenamento xurídico.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas, solicitando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte das/os asesoras/es que, ao efecto, poidan ter sido requiridas/os.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno, previo acordo formal adoptado ao respecto, e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesoras/es, que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridas/os para o dito asesoramento.

A Presidencia do Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase de oposición, que se realicen de forma escrita, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para iso os impresos e/ou procedemento/s adecuado/s.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo e normativa concordante e/ou substitutiva.

En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do Tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

9ª Desenvolvemento do proceso selectivo

O sistema selectivo será o de concurso-oposición

9.1 PRIMEIRA FASE: CONCURSO. Puntuación máxima 20 puntos (Non eliminatorio)

Nesta fase serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

A- FORMACIÓN

-Por posuír unha das seguintes titulacións superiores **A puntuación máxima a obter neste apartado será de 3 puntos.**

1. Técnico/a Superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva ou equivalente: 3 puntos
2. Técnico/a Superior en Acondicionamento Físico ou equivalente : 3 puntos
3. Estar en posesión dalgunha/s das seguintes titulacións universitarias superiores: Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente, Grao en Educación Primaria con mención en Educación Física ou equivalente: 3 puntos

-Por posuír un dos seguintes cursos específicos: **Máximo 3 puntos**

1. Curso de Técnico Nivel 1 ou 2 en patinaxe artística: 1,5 puntos
2. Curso de Técnico/Monitor en actividades dirixidas: 1,5 puntos

-Formación específica (cursos, xornadas, etc) debidamente acreditada e homologada, directamente relacionada coas funcións e competencias profesionais do posto de traballo, ou aquela considerada formación transversal polo tribunal. A razón de 0,05 por cada hora acreditada. **Máximo 4 puntos.**

Só se valorarán as accións formativas debidamente, impartidas por Centros Oficiais e demais Administracións Públicas, e centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo sempre que fosen oficialmente recoñecidos e homologados por un organismo público, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais (como son os relacionados co coñecemento da lingua galega, coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros).

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación de copia simple do título ou por medio do certificado e no que deberá figurar o número de horas do curso e o seu contido. Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas de duración nin aqueles que non acrediten as horas lectivas. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen menos de 8 horas e, polo tanto, non serán valorados. Valorarase a posesión de titulación académica oficial superior á esixida como requisito para o acceso á praza obxecto da convocatoria.

B- EXPERIENCIA PROFESIONAL

-Experiencia laboral en postos da mesma categoría, tanto públicos como privados. A razón de 0,25 puntos por cada mes ou acción de 30 días acreditada. **Ata 10 puntos.**

A experiencia profesional deberá acreditarse con copia dos contratos de traballo máis o Informe de vida laboral ou, no caso de Administracións Públicas, certificado expedido polo fedatario público da Administración no que se explicita o posto de traballo, grupo de pertenza ou equiparación, duración do contrato/nomeamento e tipoloxía da xornada xunto co Informe de vida laboral completo expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. A puntuación da experiencia profesional referida anteriormente está referida a xornada completa, sendo que no suposto de xornada parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente. Non se terán en conta os períodos inferiores a un mes, nin o tempo de traballo realizado por conta propia.

9.2. SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN, Puntuación máxima 30 puntos, (Obrigatorio e eliminatorio)

A fase de oposición consistirá na superación dos exercicios que a continuación se indican:

1º EXERCICIO: PROBA PRÁCTICA

Puntuarase ata un máximo de 30 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 15 puntos, dado o carácter eliminatorio da proba. O aspirante que non acade 15 puntos será eliminado do proceso selectivo.

O exercicio a desenvolver polos aspirantes consistirá nunha proba de capacitación, formulada polo Tribunal, relacionada coas funcións do posto e nivel de dificultade propias da praza convocada e co anexo II das presentes bases reguladoras específicas, baseada na impartición dunha/s clase/s (ximnasia de mantemento, ximnasia para maiores de 60 anos, patinaxe artística ou coreografía con acompañamento musical), sendo necesario que os aspirantes veñan provistos de roupa deportiva.

O Tribunal determinará con carácter previo á realización deste exercicio, os criterios de avaliación do mesmo segundo as probas que conformen o exercicio, poñéndoo en coñecemento dos/as aspirantes.

A duración do exercicio non superará 1 hora.

2º EXERCICIO. COÑECEMENTO LINGUA GALEGA.

Proba de coñecemento da lingua galega. Esta proba cualificarase como **APTO** ou **NON APTO** correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto. Consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego ou viceversa, nun tempo máximo de trinta (30) minutos.

Deberan realizar esta proba aqueles/as aspirantes que non presenten o certificado no prazo de presentación de instancias e referido á data de remate, de ter superados os estudos conducentes á obtención do nivel do coñecemento do galego Celga 3 esixido, expedido por organismo oficial para tal efecto, ou título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin (iniciación ou equivalente). Os/as aspirantes que acrediten a posesión do referido título estarán exentos da realización desta proba, considerándose neste caso directamente como APTO/A.

Os/as aspirantes que non acreditasen estar en posesión do Celga 3 ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

9.3 Desenvolvemento das probas

A data e a hora na que dará comezo o primeiro exercicio das probas selectivas convocadas será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal, cando menos con cinco (5) días naturais de antelación.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento, sendo excluídas da oposición as que non comparecesen, agás nos supostos debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal.

As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do Tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous (2) días hábiles seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do Tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O Tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Unha vez comezada a práctica dos exercicios, o Tribunal poderá requirir en calquera momento das persoas aspirantes a acreditación da súa identidade.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluída, previa audiencia da interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas ás persoas aspirantes na fase de concurso e na de oposición, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello, durante un prazo de **tres (3) días hábiles** para posibilitar a presentación de alegacións e/ou reclamacións, contados a partir do día seguinte á súa publicación. Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as posibles alegacións e no caso de non existir, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas. No caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal, sen prexuízo dos recursos que procedan a criterio e mellor defensa dos intereses dos/as aspirantes.

10ª Cualificación final do proceso selectivo e aprobación da bolsa de emprego temporal

Ao remate da fase de oposición, publicarase a relación das persoas aspirantes que a superasen no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello. A orde da relación virá dada pola puntuación total acadada nas dúas fases do proceso selectivo.

No caso de producirse empate entre varios aspirantes seguirase o seguinte criterio de prelación para a súa resolución: primeiro, puntuación obtida nos exercicios da fase oposición; segundo, orde alfabética en vigor aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2024: letra "H", segundo o sorteo realizado o 31 de xaneiro de 2024 (Resolución do 31 de xaneiro de 2024, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, DOG nº 29, do 9 de febreiro de 2024; terceiro, de persistir o empate realizarase un sorteo entre os aspirantes implicados.

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal adoptará o acordo propoñendo a relación das persoas aspirantes que integrarán a bolsa de emprego temporal para a categoría de monitor/a deportivo/a, ordenadas de maior a menor puntuación obtida. En calquera caso, non poderán formar parte daquela as persoas que non teña superado os exercicios obrigatorios da fase de oposición. O dito acordo farase público no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello, sinalando as puntuacións correspondentes a cada aspirante e con indicación, así mesmo, dos recursos pertinentes.

A dita proposta do Tribunal elevarase á Alcaldía, ou órgano competente por delegación, para que dite a resolución aprobando a creación da bolsa de emprego, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello, con indicación dos recursos procedentes.

A contratación de persoal temporal para cada un dos postos de traballo ofertados efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego.

A inclusión na bolsa de emprego non implicará en ningún caso a adquisición da condición de empregado/a público/a, constituíndo unicamente unha expectativa de dereito de ser chamado/a para ocupar o correspondente posto de traballo, de acordo co previsto nas presentes bases.

11ª Funcionamento da bolsa de emprego

1. Cos candidatos que superen o proceso selectivo formarase unha bolsa de emprego pola orde decrecente da puntuación total obtida, que será empregada para o chamamento de candidatos coa finalidade de realizar contratacións laborais de carácter temporal, nos supostos previstos no Estatuto dos Traballadores (acumulación de tarefas por circunstancias da produción, cobertura de vacantes ata a súa provisión definitiva, substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, baixas, vacacións e permisos regulamentarios). A lista de candidatos que superen o proceso selectivo da bolsa de emprego aprobarase pola alcaldía.

2. A contratación laboral temporal dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de emprego, por orde decrecente de puntuación obtida no proceso selectivo, despois dos chamamentos, que virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas no proceso selectivo.

3. Os chamamentos realizaranse por vía telemática e telefónica, ao enderezo electrónico e número de teléfono facilitados aos efectos, efectuándose, como mínimo, dúas comunicacións con un intervalo mínimo de 5 horas, deixando constancia incorporada ao expediente. Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os/as interesados/as son responsables de comunicar ao concello calquera alteración do seu número de contacto. O/a empregado/a público que efectúe as comunicacións de chamamento fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir o posto para o que se realice o chamamento. De non atender os chamamentos, entenderase que o aspirante desiste do mesmo. Deixarase constancia documental no expediente.

4. Os integrantes da bolsa de emprego non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que ao remate da contratación para a que son chamados retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

5. Os integrantes da bolsa de emprego que, sendo convocados para facer efectiva a contratación non atenderan o requirimento no prazo de 48 horas, non se presentaran ou renunciaran sen causa xustificada, ou que renunciaran a continuar desempeñando un posto para o que fosen contratados en aplicación destas bases serán excluídos da mesma.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento, entre outras, as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcionarial nas datas para as que se efectúa o chamamento.

B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa o chamamento ou estar convocada para a realización de exames nas datas para as que se efectúa o chamamento.

C) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas máis por cada fillo a partir do segundo), no caso de paternidade, dentro das 4 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 días hábiles máis por cada fillo a partir do segundo) ou ter ao seu cargo a atención de familiares ata o segundo grao.

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento, de non xustificarse excluírase da bolsa de emprego.

Mediante resolución da Alcaldía determinarase a procedencia da aceptación ou rexeitamento das causas alegadas polos candidatos para a renuncia ao chamamento e/ou ao posto de traballo, así como a exclusión da bolsa de emprego.

6. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata o remate da contratación.

7. Os integrantes da bolsa de traballo que se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude formulada a tal efecto. A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses, segundo o solicite o interesado, computados desde a data de efectos da suspensión.

8. Unha vez compareza o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, mediante resolución da Alcaldía procederase á súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente.

9. O cese producirase cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo.

10. A bolsa de emprego terá unha vixencia de **dous anos**, prorrogable por outro máis ata o máximo de tres anos, contados desde a súa aprobación; no caso de contratacións realizadas durante a súa vixencia estarase ao disposto na lexislación de aplicación relativa a contratacións laborais temporais.

A bolsa perderá a súa vixencia cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

A. Finalice o prazo máximo de duración.

B. Se constitúa unha nova lista coas persoas aspirantes que deriven dun novo proceso selectivo convocado para cubrir prazos de igual categoría con persoal laboral fixo.

C. Sempre que quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.

D. Se constitúa unha nova bolsa ou lista de agarda temporal que substitúa á presente.

O persoal que veña prestando servizos como consecuencia da inclusión na correspondente lista cesará cando desaparezan as circunstancias que motivaron a súa contratación

12ª Documentación a presentar para a contratación.

O aspirante designado para a contratación deberá presentar no Rexistro Xeral do concello, no prazo de **dous (2) días hábiles** contados a partir da súa conformidade, a seguinte documentación:

- Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Copia do código IBAN de conta bancaria.
- Copia da tarxeta da Seguridade Social. No caso de que o/a aspirante nunca estivera de alta na Seguridade Social, copia do documento de afiliación á Seguridade Social.

De non presentarse a dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

13ª Contratación.

Unha vez achegada a documentación a que se refire o apartado anterior, a Alcaldía aprobará a contratación, requirindo ao aspirante seleccionado para a formalización do contrato. Ata a formalización do contrato e a incorporación ao posto de traballo o traballador non terá dereito a ningunha prestación económica.

Para o caso de non subscribirse o contrato no prazo sinalado sen xusta causa, considerarase que o traballador renuncia á contratación.

14ª Protección de datos

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteceso, Rúa Concello 18, 15110 Ponteceso.

15ª Impugnación

Contra as presentes bases, cuxo acordo aprobatorio é definitivo na vía administrativa poderá interpoñerse polas persoas interesadas lexitimadas un dos seguintes recursos:

a) Recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Se transcorrese un mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que este fose resolvido, poderá entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade da Coruña no prazo de seis meses.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín oficial da provincia da Coruña.

Contra cantos actos administrativos definitivos derivados das presentes bases poderán ser interpostos os oportunos recursos polos interesados, nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e na Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

16ª Disposición final

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./Dña., con DNI nº.....
e domicilio a efectos de notificación e comunicación en
CP..... Localidade.....teléfono.....
correo electrónico.....

EXPOÑO:

I. Que desexo participar na convocatoria realizada polo Concello de Ponteceso para a constitución dunha bolsa de emprego de persoas candidatas para a contratación con carácter temporal de monitor/a deportivo/a.

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar neste proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, así mesmo, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido.

III. Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, que presentarei no Concello de Ponteceso no momento en que, no seu caso, me sexa requirida ao efecto.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no dito proceso selectivo, achegando para estes efectos, e con arranxo ao disposto nas súas bases reguladoras, a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña nacionalidade.
- Copia da titulación requirida para poder formar parte do proceso selectivo, con arranxo ao sinalado nas bases reguladoras, así como dos méritos alegados para a súa valoración na fase concurso.
- Documento acreditativo de estar en posesión do CELGA 3, ou equivalente, con arranxo ao sinalado nas bases reguladoras do proceso selectivo: SI_____ NON_____
- Permiso de conducir da clase B
- Certificado de Delitos de Natureza Sexual, actualizado ao ano 2025
- Como aspirante con discapacidade formalmente recoñecida achego certificación acreditativa da dita condición, nos termos do previsto, para o efecto, nas bases reguladoras.

Ponteceso, dede 2025

Sinatura_____

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTECESO

ANEXO II

TEMARIO

A) Parte xeral:

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma. O Parlamento. O Consello da Xunta. O presidente.

Tema 3. O municipio. Elementos. Territorio e poboación

Tema 4. Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos.

Tema 5. Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas: O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

B) Parte específica:

Tema 6. Actividade física e a saúde. Efectos da actividade física sobre a saúde. O estilo de vida. Concepto e tipos. Relación co exercicio físico. Contraindicacións absolutas ou relativas da práctica da actividade física.

Tema 7. Adaptación do organismo ao esforzo na actividade física. Funcións orgánicas. Metabolismo enerxético. Sistema cardiorrespiratorio. Repercusións para o desenvolvemento da condición física.

Tema 8. Sistema músculo-esquelético: Anatomía do sistema osteoarticular e do sistema muscular. Adaptacións do sistema músculo-esquelético a diferentes tipos de exercicio físico. Biomecánica da postura e do movemento. Análise dos movementos.

Tema 9. A resistencia. Concepto e tipos. Factores que inflúen non seu desenvolvemento.

Tema 10. A velocidade. Concepto e tipos. Factores que inflúen non seu desenvolvemento.

Tema 11. A flexibilidade. Concepto. Factores que inflúen non seu desenvolvemento.

Tema 12. A forza. Concepto e tipos. Factores que inflúen non seu desenvolvemento.

Tema 13. A coordinación e o equilibrio. Concepto e actividades para o seu desenvolvemento en persoas maiores.

Tema 14. Metodoloxía do adestramento e planificación de actividades de acondicionamento físico. Estrutura dunha sesión, exercicios para o desenvolvemento das capacidades físicas enfocadas á mellora do acondicionamento físico.

Tema 15. Avaliación da aptitude física. Test e probas en función da idade e do sexo. Valoración da composición corporal

Tema 16. Probas de análise e valoración postural. Alteracións posturais máis frecuentes.

Tema 17. Deportes individuais e colectivos. A modalidade deportiva de patinaxe artística.

Tema 18. Acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Programación. Deseño de coreografías e dirección de sesións.

Tema 19. O material deportivo. Tipo e características.

Tema 20. Valoración inicial da asistencia nunha urxencia e aplicación de técnicas de soporte vital e primeiros auxilios"

O que se publica aos efectos de publicidade da convocatoria e das bases do proceso selectivo, para que os interesados/as presenten no prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5), contados desde o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, as súas solicitudes de participación.

Ponteceso, 5 de febreiro de 2025

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

2025/768